

# Relatos de Virginia Woolf

Tradución de Ana Belén Varela Miño



**Relatos**  
**de Virginia Woolf**

Traducción de Ana Belén Varela Miño

## A marca da parede

Foi talvez a mediados de xaneiro deste ano cando levantei a mirada e vin a marca da parede por primeira vez. Para marcar unha data cómpre lembrar o que se viu. Por iso agora penso no lume; na uniforme película de luz amarela sobre a páxina do meu libro; nos tres crisantemos do vaso de cristal arredondado sobre a cambota. Si, debía ser inverno nesa altura e acababamos de tomar o té; segundo recordo estaba fumando un cigarro cando levantei a mirada e vin a marca da parede por primeira vez. Mirei a través do fume do cigarro e os meus ollos detivéronse un momento nas brasas incandescentes e veume á mente aquela antiga moda da bandeira vermella ondeando na torre do castelo e mais a procesión de cabaleiros de vermello que cabalgaban pola ladeira da roca negra. Para o meu alivio, a visión da marca interrompeu a miña imaxinación, pois aqueloutra era unha vella imaxe, unha imaxe automática, se callar construída cando era unha nena. A marca era pequena e arredondada, negra sobre a parede branca, e estaba unhas seis ou sete polgadas por riba da cambota.

Con que aidez se arremuíñan os nosos pensamentos sobre un novo obxecto, levántano un pouquiño, igual ca as formigas carrexan con fervor un chisco de herba seca, e despois déixano. Se aquela marca fose dun cravo, non puido ser para un cadro, debeu ser para unha miniatura: a miniatura dunha muller de rizos brancos empoados, fazulas empoadas e beizos coma caraveis vermellos. Unha falsificación, abofé, pois a xente que vivía nesta casa antes ca nós tería escollido cadros deste estilo: un cadro vello para un cuarto vello. Así era esa xente —xente moi interesante— e acórdome deles moi a miúdo, en sitios ben estraños, porque nunca os volvíñ ver e nunca souben que pasou despois. Quixeron deixar esta casa porque querían cambiar o estilo dos mobles, ou iso dixo el, e estaba a piques de engadir que na súa opinión a arte debería sustentarse nas ideas cando me levaron de onda el, coma cando te separan da anciá que está a piques de botar o té por fóra ou do mozo que vai bater coa

pelota de tenis no patio traseiro da casa da periferia mentres pasas a toda velocidade no tren.

Porén, en canto á marca, non estou segura, non creo que fose dun cravo despois de todo; é demasiado grande, moi redonda para iso. Podería erguerme, mais se me levantase para mirala, non o podería dicir con certeza, as posibilidades eran de dez contra unha; porque unha vez feito algo, non se dá sabido como sucedeu. Ai, pobre de min, o misterio da vida! A inexactitude do pensamento! A ignorancia da humanidade! Para amosar o pouco control que temos das nosas posesións —que accidental é a vida malia toda a nosa civilización—, permitídemme enumerar algunhas das cousas que perdemos durante o tempo que dura unha vida, para empezar, pois esta semella sempre a perda máis misteriosa, o que podería roer o gato, o que podería rillar o rato: tres botes azul celeste para os útiles de encadernación? E entón tamén estaban as gaiolas de paxaro, os aros de ferro, os patíns de aceiro, o caldeiro para o carbón de estilo Raíña Ana, a mesa de billar, o órgano de man..., desapareceu todo, as xoias tamén. Os ópalos e as esmeraldas xacen onda as raíces dos nabos. Que cousa máis espiñenta é estar certo! A marabilla é que teño o lombo abrigado, que neste intre estou sentada e rodeada de mobles sólidos. Se quixésemos comparar a vida con algo, por que non comparala co feito de ser lanzada polo túnel do metro a 50 millas por hora e aterrar no extremo oposto sen sequera un prendedor no pelo?! Con ser arroxada aos pés de Deus completamente espida?! Con caer a rolos polos prados de abrótegas do mesmo xeito que os paquetes de papel marrón son botados polo tobogán de correos?! Co cabelo ao vento coma a cola dun cabalo de carreiras. Si, iso parece expresar a velocidade da vida, a deterioración continua e a reparación perpetua, todo tan casual, todo tan caótico.

E despois a vida. O lento degolar dos finos e verdes talos para que o cáliz da flor, a medida que vai virando, o inunde todo de luz vermella e púrpura. Por que, despois de todo, temos que nacer aquí e non alí, indefensos, sen fala, incapaces de ver con claridade, ás apalpadadas entre as raíces da herba, aos pés dos xigantes? E ninguén estará en condicións para dicir cales son árbores e cales son homes ou mulleres, ou se existen tales cousas, ata que transcorran

cincuenta anos ou máis. Non haberá máis nada, só espazos de luz e escuridade, entrecortados por densos talos e, quizais, na parte superior, manchas con forma de rosa de cor indefinida —rosas e azuis pastel— que co paso do tempo se volverán máis nítidas, converteranse en... non sei que...

No entanto, aquela marca da parede non era un furado, nin moito menos. Mesmo podería ter sido feita por unha cousa redonda e negra, como un pétalo de rosa que ficou alí desde o verán, porque eu non son moi dilixente para as cousas da casa... abonda con ollar o po da cambota, por exemplo, o po que disque soterrou Troia tres veces, e só algúns cachos de cerámica se resistiron á completa aniquilación, ou iso se cre.

A árbore ao outro lado da xanela golpea o vidro con dozura. Quero pensar en silencio, en calma, con tempo, sen que me interrompan, sen ter que me erguer da cadeira, quero deixarme ir facilmente dunha cousa a outra, sen sentir hostilidades, sen obstáculos. Quero afundirme máis e máis, lonxe da superficie, cos seus feitos duros e illados. Para manterme firme, permitídemme apañar a primeira idea que pase... Shakespeare... Vale ben, coma outra calquera. Un home que sentaba rexo nunha cadeira de brazos a mirar para o lume, e entón... unha choiva de ideas caía a cachón desde algún paraíso alá no alto e enchoupaba a súa mente. Levou a man á fronte, e a xente miraba desde fóra pola porta aberta —pois supoñamos que esta escena ocorreu nunha tardiña de verán—. Pero que aborrecida é esta ficción histórica! Non me interesa nada de nada. Oxalá puidese dar cun fío de pensamento máis agradable, un fío que indirectamente me dese credibilidade, pois eses son os pensamentos máis pracenteiros, e moi frecuentes mesmo nas mentes da xente máis modesta e de cor de rato, xente convencida de que non lle gusta oír loas. Non son pensamentos que te comprazan directamente; esa é a súa beleza; son pensamentos coma este:

«Entón entrei no cuarto. Estaban falando sobre botánica. Comentei que vira unha flor que medraba nunha morea de po á beira dunha casa vella de Kingsway. A semente, dixeron, debeuse botar durante o reinado de Carlos I. Que tipo de flores se cultivaban durante o reinado de Carlos I?», preguntei... (pero non lembro a resposta). Flores altas con panículas púrpuras. E así continúa o

conto. Estou disfrazando continuamente a imaxe que teño de min mesma, amorosamente, ás agachadas, sen adoralas directamente, pois se o fixese eu mesma me delataría e tería que botarlle man a un libro para me protexer. De feito, é curioso como protexemos instintivamente a imaxe que temos de nós mesmos fronte á idolatría ou fronte a calquera outra manipulación que poida volvela ridícula ou demasiado distinta do orixinal para ser crible por máis tempo. Ou non é tan curioso despois de todo? É unha cuestión de grande importancia. Supoñamos que o espello escacha, a imaxe desaparece e a figura romántica envolta nas profundidades do verde bosque xa non está, só queda o casco da persoa que ven os outros... O mundo tornaríase abafante, superficial, baldío e áspero! Un mundo para non vivir nel. Cando nos atopamos cara a cara cos máis no ómnibus ou no metro, mirámonos no espello que dá conta da imprecisión, do fulgor vidroso dos nosos ollos. Os novelistas do futuro hanse decatado cada vez máis da importancia destas reflexións, pois, de certo, non hai unha soa reflexión senón un número case infinito delas; esas son as profundidades que explorarán, esas as pantasma que han perseguir, deixando fóra das súas historias pouco e pouco a descrición da realidade, dando por suposto o seu coñecemento, como facían os gregos e talvez Shakespeare... Porén, estas xeneralizacións son totalmente inútiles. O son militar da palabra é abondo. Recordo aos editoriais, aos ministros... toda unha clase de cousas que de feito cando eramos nenos pensabamos que eran a cousa en si, o normal, a realidade, algo do que non podiamos saír indemnes ante ameaza dun horrendo castigo. As xeneralizacións tráennos á mente os domingos londinienses, os paseos vespertinos dos domingos, as merendas dos domingos e tamén o xeito de falar dos mortos, da roupa e dos costumes, como o hábito de sentar todos xuntos nun cuarto ata unha hora determinada, aínda que a ninguén lle guste. Había unha norma para todo. A norma para os manteis nese momento era que debían ser tapizados e con pequenas divisións amarelas, coma os que se ven nas fotografías das alfombras dos corredores dos palacios reais. Os manteis diferentes non eran auténticos manteis. Que sorprendente e ao mesmo tempo que marabilla era descubrir que estas cousas de verdade, as merendas dos domingos, os paseos dos domingos, as casas de campo e os manteis non eran

completamente reais, eran en realidade semipantasma, e o castigo que recaía sobre os descritos era tan só unha sensación ilexítima de liberdade! Que substitúe agora esas cousas, esas cousas correntes e reais? Os homes quizais, no caso de que sexas unha muller; o punto de vista masculino que goberna as nosas vidas, que fixa o que é normal, que establece a *Táboa de Precedencia* de Whitaker, que se tornou, supoño, desde a guerra nunha semipantasma para moitos homes e mulleres, e que axiña, ou iso esperamos, será ridiculizada e arroxada ao lixo, que é onde van as pantasma, os aparadores de caoba e os gravados de Landseer, Deuses e Demos, Inferno e demais, deixándonos intoxicados cunha sensación ilexítima de liberdade, se é que a liberdade existe...

Con determinada luz a marca en realidade parece querer saír da parede. Non é completamente redonda. Non podo estar certa, pero parece proxectar unha sombra perceptible, o que suxire que se paso o dedo por ese cacho de parede, nun punto determinado, subiría e baixaría un pequeno túmulo, un túmulo suave coma os de South Downs que son, ou iso din, ou ben sepulturas ou asentamentos. De ambas as dúas posibilidades, eu prefiro pensar que son sepulturas, pois teño tendencia á melancolía coma o pobo inglés, e paréceme natural pensar ao cabo dun paseo a pé nos ósos que xacen baixo a terra... Debe haber algún libro sobre iso. Seguramente algún arqueólogo desenterrou eses ósos e deulles nome. Que tipo de home será un arqueólogo? A maioría serán coroneis retirados, ousaría dicir, que dirixen grupos de peóns vellos ata os cumios para examinarens terróns e pedras, que manteñen correspondencia cos cregos do lugar, cartas que, ao seren lidas no momento do almorzo, os fan sentir importantes, e que por mor da comparanza de puntas de frecha teñen que emprender viaxes polo campo ata as capitais dos municipios, unha obriga pracenteira tanto para eles coma para as súas mulleres xa vellas, que queren facer marmelada de ameixas ou limpar o estudio, e teñen razóns abondas para manteren en suspense esa importante cuestión sobre se se trata dun asentamento ou dunhas sepulturas, mentres o coronel se sente gratamente filosófico acumulando probas de ambas as caras da cuestión. É certo que ao final se inclina a crer que é un asentamento; e cando o refutan, redacta un

panfleto que se dispón a ler na reunión trimestral da sociedade local cando sofre un derramo cerebral, e entón, os seus últimos pensamentos conscientes non son para a súa muller e os seus fillos, senón para o asentamento e a punta da frecha, que está agora nunha vitrina no museo da vila, xunto co pé dunha asasina chinesa, unha manchea de cravos isabelinos, moitas pipas de arxila estilo Tudor, un anaco de cerámica romana e unha copa de viño da que bebeu Nelson..., o que en realidade demostra non sei moi ben o que.

Non, non, non, iso non demostra nada, non se sabe nada. E se me erguese neste mesmo momento e verificase que a marca da parede é realmente..., que podería dicir? A cabeza dun xigantesco cravo vello, espetado hai douscentos anos, que agora, grazas ás moitas xeracións de criadas que fregaron pacientemente, asoma a cabeza sobre a capa de pintura e bota a primeira ollada á vida moderna, a visión dun cuarto de paredes brancas iluminado polo lume, que gañaría con iso? Coñecemento? Materia para novas especulacións? Podo pensar igual de ben sentada que de pé. E que é o coñecemento? Que son os nosos homes sabios máis ca os descendentes das bruxas e dos ermitáns que se agochaban nas cavernas e nos bosques para destilaren apócemas de herbas, interrogaren biosbardos e escribiren na lingua das estrelas? E cada vez honrámolos menos, a medida que as nosas supersticións diminúen e o noso respecto pola beleza e a saúde mental aumentan... Si, pódese imaxinar un mundo moi pracenteiro. Un mundo tranquilo e espazoso, coas flores moi vermellas nos campos abertos. Un mundo sen profesores nin especialistas, nin persoas ao coidado da casa con perfil de policía, un mundo no que te podes mergullar nos teus pensamentos coma un peixe mergulla na auga coas súas aletas, rozando os talos dos nenúfares, que penduran suspendidos sobre os niños de brancos ovos mariños... Que tranquilidade hai aquí afundida, arraigada no centro da terra e ollando a través das augas grises, cos seus repentinos raios de luz e os seus reflexos, se non fose polo *Almanaque* de Whitaker, se non fose pola *Táboa de Precedencia*!

Teño que erguerme dun salto e mirar eu mesma o que vén sendo realmente esa marca da parede: un cravo, un pétalo de rosa, unha fenda da madeira?



Velaquí a natureza co seu vello xogo de conservación unha vez máis. Este fío de pensamento, advírtenos ela, é un sinistro e simple gasto de enerxía, mesmo un choque coa realidade, pois quen ousaría levantar un dedo contra a *Táboa de Precedencia* de Whitaker? O Arcebispo de Canterbury vai seguido do Presidente da Cámara dos Lores; o Presidente da Cámara dos Lores vai seguido do Arcebispo de York. Todo o mundo vai seguindo alguén, esa é a filosofía de Whitaker; e o mellor do asunto é saber quen segue a quen. Whitaker sabe, e permite, como aconsella a natureza, que te encontres cómodo, en lugar de enfurecerte; e se non atopas acougo, se tes que destruír esta hora de paz, pensa na marca da parede.

Comprendo o xogo da natureza, a súa incitación a actuar para acabar con calquera pensamento que ameace con alterarte ou magoarte. De aí, supoño, vén o noso leve menosprezo cara aos homes de acción, homes que, supoñemos, non pensan. No entanto, non hai nada de malo en poñer un punto final aos pensamentos desagradables mirando para a marca da parede.

De feito, agora que puxen os ollos nela, sinto coma se me tivese aferrado a unha táboa no mar; teño unha grata sensación de realidade que torna de cheo os dous arcebispos e mais o Presidente da Cámara dos Lords en sombras de sombras. Velaquí algo definido, algo de verdade. Por iso, ao acordar dun pesadelo no medio da noite, prendes a luz rapidamente e xaces inmóbil, adorando a cómoda, adorando a solidez, adorando a realidade, adorando o mundo impersoal que é a proba dalgunha existencia distinta da nosa. Isto é do que queremos estar seguros... A madeira é unha cousa apracible na que pensar. Vén dunha árbore; as árbores medran e nós non sabemos como medran. Durante anos e anos elas medran, sen reparar en nós, en prados, en bosques, á beira dos ríos... todas esas cousas nas que agrada pensar. As vacas moven a cola baixo as árbores no serán. As árbores colorean os ríos dun verde tan intenso que cando unha galiñola mergulla esperas vela saír de novo coas plumas todas tinguidas de verde. Gústame pensar no peixe que mantén o equilibrio contra a corrente coma as bandeiras que ondean; e nos escaravellos de auga que constrúen pouco e pouco cúpulas de lama no leito do río. Gústame pensar na árbore en si... Primeiro na sensación inmediata e seca de ser

madeira; despois no estrondo da treboada; despois no lento e delicioso chusmigar do seu zume. Gústame pensar niso, tamén, nas noites de inverno, no campo baleiro, con todas as follas enroscadas, ningunha parte tenra exposta ás balas de aceiro da lúa, un mastro espido sobre a terra que vira e vira toda a noite. O canto dos paxaros ten de soar moi alto e estraño en xuño; e que fríos deben ter os pés os insectos que pousan alí, mentres soben laboriosamente polas rugosidades da casca ou toman o sol sobre a delgada marquesiña verde que forman as follas, e miran para a fronte cos seus ollos vermellos tallados coma diamantes... Unha a unha as fibras creban baixo a presión enorme e fría da terra, despois chega a última treboada; ao caeren, as pólas máis altas volven á terra outra vez. Mesmo así, a vida non acabou; aínda existen un millón de vidas pacientes e atentas para a árbore, por todo o mundo, nos dormitorios, nos barcos, no chan, nos salóns, onde os homes e as mulleres sentan a tomar o té e fumar cigarros. Estará chea de pensamentos tranquilos, pensamentos felices esta árbore? Gustaríame ilos collendo un a un, mais algo se interpón no meu camiño... Onde estaba eu? De que ía todo isto? Unha árbore? Un río? Downs? *O Almanaque* de Whitaker? Os campos de abrótegas? Non recordo nada. Todo se move, cae, escorrega, esvaece... Hai unha vasta axitación na materia. Alguén se levanta e dime:

—Vou mercar o xornal.

—Si?

—Aínda que non está ben mercar xornais... Nunca pasa nada. Maldita guerra! Vaia o demo con ela!... De todos os xeitos, non entendo por que hai un caracol na parede.

Ai, a marca da parede! Era un caracol!

## Kew Gardens

Do macizo de flores oval xurdían talvez un cento de talos que estendían da metade para arriba follas con forma de corazón ou lanceoladas e despregaban no bico pétalos vermellos, azuis ou amarelos marcados con puntinhos de cor que aboiaban na superficie; e da escuridade vermella, azul ou amarela da súa gorxa emerxía unha vara dereita e áspera con po dourado e levemente achatada na punta. Os pétalos eran voluminosos dabondo para seren abalados pola brisa estival e cando se movían as luces vermella, azul e amarela pasaban unha sobre a outra, tinguindo unha polgada da terra marrón de abaixo cunha mancha das cores máis intrincadas. A luz caía, quer sobre a delicada cara gris dun seixo, quer sobre a cuncha dun caracol coas súas veas circulares de cor castaña, ou ben, ao caer sobre unha pinga de choiva, expandía con tal intensidade de vermello, azul e amarelo as finas paredes de auga que parecía que ían rebentar e desaparecer. En lugar diso, nun segundo a pinga virou gris de novo e a luz foise pousar na parte carnosa dunha folla, revelando os filamentos de fibra gallados baixo a superficie, e volveuse mover e espallou a luminosidade sobre os vastos espazos verdes baixo a bóveda de follas con forma de corazón e lanceoladas. Entón, a brisa abalou con algo máis de enerxía a parte superior e a cor proxectouse no aire cara a arriba, nos ollos dos homes e das mulleres que pasean por Kew Gardens en xullo.

As figuras destes homes e destas mulleres deixaron atrás o macizo de flores cun movemento curiosamente irregular, non moi diferente daquel das bolboretas brancas e azuis que atravesaban o céspede voando en zig-zag de flor en flor. O home ía unhas seis polgadas por diante da muller, camiñaba devagar e sen preocupación, mentres que ela avanzaba con máis determinación, só viraba a cabeza de cando en vez para comprobar que os nenos non quedasen moi atrás. O home mantiña esa distancia por diante da muller a propósito, aínda que quizais de forma inconsciente, pois quería seguir cos seus pensamentos.

«Hai quince anos viñen aquí con Lily —pensou—. Sentamos en algures por alí á beira do lago e naquela tarde quente supliqueille que casase comigo. Como voaba a libélula facendo círculos ao redor de nós! Con que nitidez podo ver a libélula e mais o seu zapato coa fibela de prata cadrada na punta! Falei todo o tempo mirando para o zapato e cando o moveu inquieta souben, sen levantar a vista, o que me ía dicir: toda ela parecía estar no seu zapato. E o meu amor, o meu desexo, estaban na libélula; por algunha razón pensei que se pousaba alí, naquela folla, aquela larga coa flor vermella no medio, se a libélula se pousaba na folla, ela diría “si” ao momento. Pero a libélula deu voltas e máis voltas: nunca pousou en ningures... Por suposto que non, felizmente non, ou eu non estaría aquí paseando con Eleanor e os nenos».

—Dime, Eleanor, pensas algunha vez no pasado?

—Por que o preguntas, Simon?

—Porque estaba pensando no pasado... Estaba pensando en Lily, a muller coa que podería ter casado. Daquela, por que non falas? Impórtache que pense no pasado?

—Por que me había de importar, Simon? Non pensamos todos sempre no pasado, nun xardín con homes e mulleres deitados baixo as árbores? Non son eles o noso pasado, todo o que nos queda del, eses homes e esas mulleres, esas pantasma deitadas baixo as árbores... a nosa felicidade, a nosa realidade?

«Para min, unha fibela cadrada de prata e mais unha libélula...».

«Para min, un bico. Imaxina seis mociñas sentadas ante cadanseu cabaleta hai vinte anos, alá abaixo na beira da lagoa, pintando os nenúfares, os primeiros nenúfares vermellos que vin na miña vida. E de súpeto un bico, xusto na caluga. Tremeume o pulso durante toda a tarde, de tal xeito que non puideren pintar. Saquei o reloxo e marquei a hora en que me permitiría pensar no bico só durante cinco minutos... Foi tan lindo! O bico dunha muller vella de pelo gris cunha verruga no nariz, o bico de entre todos os bicos da miña vida».

—Veña, Caroline! Vamos, Hubert!

Continuaron a camiñar e pasaron á altura do macizo de flores, agora ían os catro á par; axiña foron diminuindo de tamaño entre as árbores e parecían medio transparentes a medida que a luz do sol e as sombras esvaraban polas súas costas formando grandes manchas trémulas e irregulares.

No macizo de flores oval o caracol, cuxa cuncha fora tinguida de vermello, azul e amarelo durante un intervalo duns dous minutos, semellaba moverse agora moi lenemente na súa cuncha, e a continuación comezou a facelo máis con máis traballos sobre as migallas de terra solta que escachaban e arrolaban cando el lles pasaba por riba. Parecía ter unha intención concreta, diferindo neste sentido do peculiar insecto verde de patas longas e angulosas que intentaba atravesar por diante súa, á espera do momento oportuno, coas súas antenas vibrantes coma se estivese deliberando, e de súpeto deu un chouto rápido e estraño na dirección contraria. Acantilados marróns con profundas lagoas verdes nos furados, unha chaira, árbores coma follas que abalaban desde as raíces ata o bico, seixos de pedra gris, vastas superficies rugosas de fina textura crebadiza... Todas estas cousas xacían ao longo do camiño do caracol entre un talo e outro cara ao seu destino. Antes de que decidise se contornaba a tenda arqueada que formaba unha folla morta ou ben se lle facía fronte, pasaron ao carón do macizo de flores os pés doutros seres humanos.

Esta vez eran dous homes. O máis novo dos dous tiña unha expresión de calma se callar pouco natural; levantou a mirada e fixouna moi firme para a fronte mentres o seu compañeiro falaba, e xusto despois de o compañeiro falar, volveu mirar para o chan, ás veces abría os labios despois dunha pausa longa e ás veces mesmo nin os abría para nada. O máis vello tiña un xeito curioso de camiñar, irregular e vacilante, botando a man cara a diante e levantando a cabeza bruscamente, máis ben coma un impaciente cabalo de tiro dunha carruaxe, canso xa de esperar fóra da casa; con todo, no home estes acenos eran irresolutos e inútiles. Falaba case sen parar; sorría para si e comezaba a falar de novo, coma se o sorriso constituíse unha resposta. Falaba de espíritos... dos espíritos dos mortos, que, segundo el, nese mesmo momento lle estaban a contar todo tipo de cousas estrañas sobre as súas experiencias no Paraíso.

—Os antigos coñecían o Paraíso polo nome de Tesalia, William, e agora, con esta guerra, a materia espiritual está vagando entre as montañas coma un trono —parou, parecía escoitar, sorriu, sacudiu a cabeza e continuou—. Tes unha batería eléctrica pequena e un cacho de goma para illar o cable... Isolar?... Illar?... Ben, pasaremos por alto os pormenores, non imos entrar en detalles que non se entenderían, en definitiva, a maquiñiña colócase en calquera posición axeitada ao carón do cabeceiro da cama, poñamos por caso, nun soporte de caoba limpo. Logo de os meus subordinados o arranaxen todo convenientemente, a viúva pon a orela e ao sinal invoca o espírito, como acordamos. Mulleres! Viúvas! Mulleres de negro!

Nesa altura parece que o home tivo a visión dun vestido de muller ao lonxe, que na penumbra parecía de cor púrpura escura. Sacou o sombreiro, puxo a man no corazón e correu cara ela borboriñando e acenando febrilmente. Mais William colleuno pola manga e tocou unha flor co bico do seu caxato para desviar a atención do vello. Despois de a mirar algo confuso durante un intre, o vello achegoulle a orela e semellaba responder a unha voz que xurdía da flor, xa que se puxo a falar dos bosques de Uruguai que visitara había centos de anos en compañía da rapaciña máis linda de Europa. Podíase sentir bisbar sobre o bosque de Uruguai cuberto de pétalos de cera de rosas tropicais, reiseñores, praias, sereas e mulleres afogadas no mar, mentres se deixaba guiar por William, en cuxa cara ía medrando aos poucos unha expresión de paciencia estoica cada vez máis profunda.

Seguindo tan de preto os seus pasos como para estaren algo sorprendidas polos seus xestos, achegábanse dúas velliñas de clase media baixa, unha grande e robusta e a outra de fazulas coloradas e corpo áxil. Ao igual que a maioría da xente da súa posición, estaban sinceramente fascinadas polos signos de excentricidade que indicaban unha enfermidade mental, nomeadamente entre a xente de posición acomodada; mais aínda estaban demasiado lonxe para saberen con certeza se os xestos eran pura excentricidade ou tolemia xenuína. Despois de lle abesouraren as costas ao vello en silencio durante un momento e de intercambiaren unha mirada rara e

disimulada, seguiron fiando enerxicamente a complicadísima conversa que levaban:

—Nell, Bert, Lot, Cess, Phil, Pa, di el, digo eu, di ela, digo eu, digo eu, digo eu...!

—O meu Bert, Sis, Bill, o avó, o vello, azucre, Azucre, fariña, arenques afumados, verdura, Azucre, azucre, azucre.

A muller máis grande examinou a disposición das palabras que caían ante as flores que ficaban frescas, firmes e dereitas na terra, cunha expresión curiosa. Viunas coma un dormente que esperta dun profundo sono ve un candeeiro de latón que reflicte a luz dun xeito descoñecido, pecha os ollos e vólveos abrir, e ao ver de novo o candeeiro de latón, acaba por espertar por completo e fita para el con total atención. Deste xeito, a muller corpulenta detense fronte ao macizo de flores oval, e deixa mesmo de finxir que escoita o que a outra muller está a dicir. Queda alí, deixando que as palabras esvaren sobre ela, abaneando a parte superior do seu corpo devagar adiante e atrás, ollando as flores. Nesa altura suxeriu que podían buscar un lugar onde sentar e tomar o té.

O caracol neste momento xa tiña pensado en calquera dos métodos posibles para conseguir o seu propósito sen ter de contornar a folla morta nin subir por riba dela. Desbotou o esforzo que cumpría para rubir pola folla, e dubidaba se a fina textura, que vibraba con tan alarmante estralo cando a tocaba así fose coa puntiña do seu corno, podería soportar o seu peso; iso foi o que determinou que ao final se arrastrase por baixo dela, pois había un punto onde a folla se curvaba cunha altura abonda desde o chan como para que el coubese. Acababa de meter a cabeza pola abertura e estaba examinando o teito alto de cor castaña e afacéndose á fría luz parduzca cando outras dúas persoas pasaron por fóra, polo céspede. Desta volta os dous eran novos, un mozo e unha moza. Ambos os dous na flor da vida, ou mesmo nesa época que precede á flor da vida, a época de antes de os delicados pregos rosados da flor rebentaren o seu estoxo gomoso, cando as ás da bolboreta, aínda que completamente formadas, fican inmóbiles baixo o sol.

—Por sorte non é venres —dixo el.

—Por que? Cres na sorte?

—Os venres hai que pagar seis peniques.

—De todos os xeitos, que son seis peniques? Daquela, isto non vale os seis peniques?

—Que é «isto», a que te refires con «isto»?

—Boh, tanto ten.. A ver... Xa sabes o que quero dicir.

Houbo unhas pausas longas entre cada un deses comentarios, pronunciados cunhas voces monótonas e inexpressivas. A parella estaba parada ao bordo do macizo de flores e xuntos espetaron a punta do parasol dela na terra mol. Ese acto e mais o feito de que a man del xacese sobre a dela expresaban os seus sentimentos dun xeito estraño, ao igual que esas palabras breves e insignificantes tamén expresaban algo, palabras coas ás curtas para os seus pesados corpos cheos de significado, pouco apropiadas para os levaren lonxe, e por iso pousaban sen xeito sobre as cousas máis comúns ao seu redor, e eran, para o seu tacto inexperto, sólidas de máis. Porén, quen sabe (niso pensaban eles mentres espetaban o parasol na terra) que precipicios agochan ou que ladeiras de xeo non reloquen ao sol polo outro lado? Quen o sabe? Quen o viu algunha vez? Mesmo cando ela preguntou que tipo de té daban en Kew, el sentiu que algo asexaba nas súas palabras, e ficaba vasto e sólido atrás delas; e a néboa disipouse devagar e descubriu... —Vaites!, que eran aquelas formas?—, mesiñas brancas e camareiras que miraban ao primeiro para ela e despois para el; había unha conta que el podía pagar cunha moeda real de dous xilins, e era real, todo real, asegurouse, tocou cos dedos a moeda no seu peto; era real para todos agás para eles dous; mesmo para el aquilo comezaba a ser real; e entón... era demasiado emocionante para quedar alí a pensar niso durante máis tempo e arrincou o parasol da terra dun tirón, estaba impaciente por atopar un lugar para tomar o té canda outra xente, coma a xente.

—Vamos, Trissie; é hora de irmos tomar o té.



—E onde se toma o té? —preguntou cun raro tremor de emoción na voz, ollando vagamente ao redor e deixándose levar polo camiño de herba, arrastrando o parasol, volvendo a cabeza para os lados, esquecendo o té, desexando ir por alí e despois por alí abaixo, lembrando as orquídeas e os grous entre as flores silvestres, un pagode chinés e un picapau de crista carmesí; pero el tiraba por ela.

E así, unha parella atrás doutra, cos mesmos movementos erráticos e carentes de propósito pasaban á altura do macizo de flores e ficaban envoltas por capas e capas de vapor azul verdoso, no cal ao primeiro os seus corpos tiñan substancia e un toque de cor, pero despois tanto a substancia coma a cor disolvíanse nun atmosfera azul verdosa. Que calor ía! tanta que mesmo o merlo prefería saltar, coma un paxaro mecánico, á sombra das flores, con longas pausas entre un movemento e o seguinte; en lugar de deambular sen rumbo, as bolboretas brancas bailaban unhas sobre as outras, trazando coas súas brancas ás en movemento o contorno dunha columna de mármore escachada por riba das flores máis altas; os tellados de vidro do invernadoiro das palmeiras relucían coma se todo un mercado de paraugas verdes e brillantes se abrise ao sol; e no zunido dun avión, a voz do ceo estival murmuraba a súa alma salvaxe. Amarelas e negras, rosas e niveas, formas de todas esas cores, homes, mulleres e nenos despuntaban durante un segundo no horizonte, e despois, vendo a largura amarela que repousaba sobre a herba, vacilaban e procuraban a sombra baixo as árbores, disolvéndose coma pingas de auga na atmosfera amarela e verde, tinguíndoa levemente de vermello e azul. Era coma se todos os corpos grosos e pesados afogasen na calor e ficasen estáticos e deitados nunha morea sobre a terra, pero as súas voces saían deles coma se fosen as chamas que verten os corpos finos e cerosos das candeas. Voces, si, voces. Sen palabras, voces, rompendo de súpeto o silencio cunha alegría tan fonda, cunha paixón de desexo..., ou as voces dos nenos, coa frescura da sorpresa; rompendo o silencio? Mais non había silencio; continuamente os ómnibus facían virar as rodas e cambiaban as marchas; coma un gran niño de caixas chinesas todas de aceiro forxado que viran sen parar unha dentro da

outra, a cidade borboriñaba; no alto as voces berraban forte e os pétalos das miríades de flores proxectaban as súas cores no aire.

## A casa encantada

A calquera hora que acordases había unha porta cerrándose. De cuarto en cuarto ían eles, collidos da man, levantando por aquí, abrindo por alá, asegurándose: unha parella espectral.

«Deixámolo aquí», dixo ela. E el engadiu: «Oh, pero aquí tamén!». «Está no piso de arriba», murmurou ela. «E no xardín», borboriñou el. «Amodiño — dixeron os dous—, ou habémoslos espertar».

Mais non nos espertastes. Ai, non! «Andan na súa procura; están correndo a cortina», podíamos dicir, e seguir lendo aínda unha páxina ou dúas. «Agora atopárono», podíamos aseguralo, detendo o lapis na marxe. E despois, cansos da lectura, ergueríámonos e mirariamos nós mesmos, a casa toda baleira, as portas abertas, só os pombos co seu gurgullo de alegría e o zunido da máquina de trillar que viña da granxa «Para que entrei eu aquí? Que querería atopar?» As miñas mans estaban baleiras. «Talvez estea no piso de arriba?» As mazás estaban na galería. E volta a baixar, o xardín seguía tranquilo, coma sempre, só o libro escorregara na herba.

Porén, atopáranos na sala. Non é que os deses visto algunha vez. Os vidros da xanela reflectían as mazás, reflectían rosas, todas as follas eran verdes no vidro. Se eles se movían na sala, a mazá só viraba o seu lado amarelo. Con todo, un intre despois, se a porta estaba aberta, espaxíase polo chan, colgábase das paredes, penduraba do teito... O que? As miñas mans estaban baleiras. A sombra dun merlo atravesou a alfombra; desde os pozos máis profundos do silencio, o pombo tirou o seu son de burbullas. «A salvo, a salvo, a salvo», o pulso da casa latexaba amodiño. «O tesouro soterrado; o cuarto...». O latexo cesou de súpeto. Ai, era aquel o tesouro soterrado?

Ao cabo dun momento a luz esvaecera. Daquela fóra, no xardín? Mais as árbores teceron a escuridade para unha raiola errante. Tan linda, tan extraordinaria, friamente afundida baixo a superficie, a raiola que eu buscaba

sempre ardeu por tras do vidro. A morte era o vidro; a morte estaba entre nós; chegoulle primeiro á muller, hai centos de anos, abandonou a casa, selou todas as xanelas; os cuartos quedaron ás escuras. El deixou a casa, deixouna a ela, foi cara ao norte, cara ao leste, veu as estrelas acenderse no ceo do sur; procurou a casa, atopouna caendo baixo os Downs. «A salvo, a salvo, a salvo», o latexo da casa batía ledamente. «O tesouro é voso».

O vento zoa pola avenida. As árbores inclínanse e dóbranse aquí e acolá. Os raios de luar derrámanse e salpican impetuosamente baixo a choiva. Mais o raio da lámpada cae directo desde a xanela. A candeia arde ríxida e inmóbil. Vagando pola casa, abrindo as xanelas, borboriñando para non nos espertar, a parella espectral anda á busca da súa felicidade.

«Aquí durmiamos», di ela. E el engade: «Bicos infinitos». «Acordar pola mañá...». «Prata entre as árbores...». «No piso de arriba...». «No xardín...». «Cando chegou o verán...». «No inverno coa neve...». As portas íanse cerrando ao lonxe, petando docemente coma os latexos dun corazón.

Achéganse máis; paran á porta. O vento amaina, a choiva escorrega prateada polo vidro. Os nosos ollos ensombrécense; non sentimos pasos atrás de nós; non vemos ningunha muller abrir o seu manto espectral. As mans del protexen o quinqué. «Olla —musita el—, dormen profundamente. Hai amor nos seus beizos».

Deténdose, sostendo a súa lámpada prateada sobre nós, fitan con atención durante moito tempo. Inmóbiles durante moito tempo. O vento dá de cheo; a chama inclínase levemente. Os salvaxes raios de luar atravesan o chan e a parede, e, confluíndo, manchan as faces abaixadas; as faces que meditan; as faces dos que buscan os dormentes e procuran a súa ledicia agochada.

«A salvo, a salvo, a salvo», o corazón da casa latexa con orgullo. «Tantos anos...», suspira el. «Atopáchesme outra vez». «Aquí —murmura ela—, durmindo no xardín; rindo, movendo as mazás na galería. Aquí deixamos o noso tesouro...». Deténdose, a súa luz faime abrir as pálpebras. «A salvo! A salvo! A salvo!», o pulso da casa latexa con forza. Acordo, grito: «Ai, ese é o voso tesouro soterrado? A luz do corazón».

## Luns ou martes

Preguiceira e indiferente, batendo con facilidade o espazo coas ás, coñecedora do seu camiño, a garza sobrevoa a igrexa baixo o ceo. Branco e distante, absorto en si mesmo, o ceo infinitamente cóbrese e descóbrese, móvese e permanece. Un lago? Bórralle as marxes! Unha montaña? Oh, perfecto... O sol dóuralle as abas. Penuxe que cae. Feitos despois, ou plumas brancas, eternamente.

Arelando a verdade, agardando por ela, destilando laboriosamente unhas poucas palabras, arelando eternamente (un lamento comeza pola esquerda, outro pola dereita. As rodas xiran en todas as direccións. Os ómnibus converxen nunha lea), arelando eternamente (o reloxo asevera con doce golpes claros que é mediodía, a luz escama as escalas do dourado; enxames de nenos), arelando a verdade eternamente. Vermella é a bóveda; das árbores penduran moedas; o fume serpea desde as chemineas; ladran, berran, gritan: «Véndese ferro»... E a verdade?

Irradian cara a un punto os pés dos homes e os pés das mulleres, negros ou con incrustacións douradas (Este tempo nebuloso... Azucre? Non, grazas... A comunidade do futuro), a luz do lume proxéctase e vira o cuarto encarnado, agás as siluetas negras e o brillo dos seus ollos, mentres fóra unha furgoneta descarga, a señorita Nonseiqué bebe té no escritorio e o vidro preserva os abrigos de pel.

Ostentosa, lixeira coma unha folla, vagando polas esquinas, voando entre as rodas, salpicada de prata, dentro ou fóra da casa, xunta, espallada, desbaldida en distintas escalas, varrida para arriba, para abaixo, desgarrada, afundida, encaixada... E a verdade?

Lembrar agora ao carón do lume da lareira sobre o cadrado de mármore branco. Desde as profundidades de almafí as palabras emerxen e perden a súa escuridade, rebentan e penetran. Caído o libro, nas chamas, no fume, nas

faíscas efémeras... Ou viaxando agora, o marmóreo cadrado colgante, por debaixo os minaretes e os mares da India, mentres o espazo se precipita en azul e as estrelas escintilan... A verdade? Conténtase coa intimidade?

Preguiceira e indiferente, a garza volve; o ceo vela as súas estrelas; despois desvélaas.

## **A cortina da enfermeira Lugton**

A enfermeira Lugton estaba durmida. Soltara un ronquido enorme. Tiña a cabeza degolada; puxera as lentes na testa; e estaba alí sentada á beira da lareira, co dedo teso e co dedal posto, a agulla enfiada cun fío de algodón colgado; estaba ela roncando, roncando; e no colo, cubríndolle por completo o mandil, tiña unha peza grande de tea azul con debuxiños.

Os animais que a cubrían non se moveron ata que a enfermeira Lugton roncou por quinta vez. Unha, dúas, tres, catro, cinco... Ai, a vella adormeceu por fin! O antílope saudou a cebra cun aceno da cabeza; a xirafa encetou unha folla do bico dunha árbore; todos os animais comezaron a remexerse e a brincar. O deseño da tea azul estaba cheo de mandas de animais salvaxes, debaixo delas había un lago e unha ponte, unha cidade con tellados redondos e homiños e mulleriñas que miraban polas xanelas e cruzaban a ponte de a cabalo. Mais así que a enfermeira roncou por quinta vez, a tea azul converteuse en aire azul, as árbores abalaban, podíase sentir a auga do lago rompendo e albiscábase a xente a andar pola ponte e a saudar coas mans polas xanelas.

Os animais empezaron entón a moverse. Primeiro foron o elefante e a cebra, despois a xirafa e o tigre, a avestruz, o mandril, unha ducia de marmotas seguida dun fato de mangostas; os pingüíns e os pelicanos andaban cambaleando e metíanse na auga, moitas veces picábanse os uns aos outros, na beira. Sobre eles relucía o dedal dourado da enfermeira Lugton, coma un sol; e cando a enfermeira Lugton roncaba, os animais oían o vento zoar. Alá abaixo foron beber, e a medida que camiñaban, a cortina azul (pois a enfermeira Lugton estaba a facer unha cortina para a xanela do salón da muller de John Jasper Gingham) convertíase en herba, rosas e margaridas, espaxadas entre pedras brancas e negras, con pozas e rodadas de carros, e ras pequeniñas que choutaban rapidamente por medo a que os elefantes as

esmagasen. Alá abaixo foron, descenderon da montaña ata o lago para beberen. Deseguida estaban todos xuntos á beira da lagoa, uns abaixaban a cabeza, outros estiraban o pescozo. A verdade é que era unha visión ben linda... E pensar que todo iso repousaba no colo da vella enfermeira Lugton mentres ela durmía, sentada na súa cadeira Windsor baixo a luz da lámpada. Pensar no seu mandil cuberto de rosas e de herba, con todos eses animais salvaxes pisándoo todo, e saber que a enfermeira Lugton morría co medo só con meter a antuca entre os barrotes das gaiolas no zoo! Abondaba un escravelliño negro para facela dar un chouto. Porén, a enfermeira Lugton durmía; non viu nada de nada.

Os elefantes bebían, as xirafas ripaban as follas das magnolias máis altas e a xente que cruzaba as pontes tiráballes bananas, lanzaba piñas ao aire e tamén lindos boliños dourados recheos de marmelo e pétalos de rosa que eran o deleite dos monos. A vella raíña chegou no seu palanquín; pasou o xeneral do exército e tamén o primeiro ministro, o almirante, o verdugo e os grandes dignitarios dos negocios da cidade, un lindo lugar chamado Millamarchmantópolis. Ninguén lles facía mal aos encantadores animais; moitos doíanse deles, xa que era ben sabido que ata o moniño máis pequeno estaba enfeitizado. Unha ogra facíaos traballar arreo, a xente sabíao; e esa grande ogra chamábase Lugton. Podíana ver, desde as xanelas, coma unha torre no medio de todos eles. O seu rostro era coma a ladeira dunha montaña con grandes precipicios e avalanchas, e abismos no canto de ollos, cabelo, nariz e dentes. Conxelaba vivo cada animal que se perdía nos seus territorios, por iso estaban todo o día quietiños no seu colo, mais cando adormecía, entón liberábanse, e á tardiña baixaban a Millamarchmontópolis a beber.

De súpeto, a vella enfermeira Lugton engruñou a cortina toda. Un moscardo azul enorme estaba zunindo ao redor da lámpada e espertouna. Sentou máis dereita e cravoulle a agulla.



Os animais recuaron ao momento. O aire converteuse en tea azul. E a cortina quedou inmóbil no seu colo. A enfermeira Lugton colleu a agulla e continuou cosendo a cortina para a sala de estar da señora Gingham.

## **A muller perante o espello**

### **Unha reflexión**

A xente non debería pendurar espellos nos cuartos, do mesmo xeito que non debería deixar aberto o talonario de cheques nin as cartas en que confesa algún horrible crime. Era imposible non botarlle un ollo, naquela tarde de verán, ao espello grande que penduraba da parede. A sorte así o dispuxo. Desde as profundidades do sofá do salón víanse reflectidas no espello italiano, quer a mesa con sobre de mármore que había enfronte, quer unha faixa do xardín de fóra. Albiscábase un longo camiño de herba que discorría entre beiras de flores altas ata que, formando un ángulo, o marco dourado o cortaba.

A casa estaba baleira, e sentíaste, xa que eras a única persoa do salón, coma un deses naturalistas que, cuberto de follas e herba, se deita a asexar os animais máis tímidos —teixugos, londras, martiños peixeiros— que se moven por aí libremente, sen seren vistos. Esa tarde o cuarto estaba cheo de criaturas así de tímidas, luces e sombras, cortinas movidas polo aire, pétalos que caen... Cousas que nunca pasan se alguén está mirando, ou iso parece. O tranquilo e vello cuarto agreste, coas súas alfombras e a lareira de pedra, as librerías encaixadas na parede e os escritorios lacados en vermello e dourado, estaba cheo deste tipo de criaturas nocturnas. Chegaban facendo piruetas polo chan, camiñando paseniño, levantando ben os pés, estendendo as colas e dando beixiños cos seus peteiros insinuantes, coma se fosen grous ou bandos de elegantes flamengos cuxo rosa estivese descolorido ou pavóns coas colas cubertas por un veo de prata. Había tamén resplandores escuros e sombríos, coma se de súpeto un choco bañase o aire de púrpura; e o cuarto tiñas paixóns, iras, envexas e penas de seu que chegaban e o anubraban, coma un ser humano. Nada permanecía igual durante dous segundos.

Porén, o espello reflectía a mesa do vestíbulo, os xirasoles e o camiño do xardín dun xeito tan nítido e tan estático que semellaban postos alí nunha

realidade ineludible. Era un contraste estraño: aquí todo cambiaba, alí todo ficaba inalterable. Era imposible non ollar para un lado e para o outro. Mentres, ao estaren todas as portas e as ventás abertas pola calor, había un son perpetuo coma un suspiro entrecortado, a voz do transitorio e do precedoiro, ao parecer, ía e viña coma a respiración humana, en tanto as cousas do espello deixaran de respirar e xacían inmóbiles no tronso da inmortalidade.

Había media hora que a señora da casa, Isabella Tyson, marchara polo camiño de herba co seu fino vestido de verán, levaba unha cesta e desaparecera recortada polo marco dourado do espello. Seguramente tería marchado ao fondal do xardín para apañar flores ou, talvez sería máis natural pensar, para coller algunha cousa lixeira e fantástica, frondosa e rubideira, unha clemátide, ou un deses elegantes ramalletes de correola que se enredan nos feos valados e que rebentan aquí e acolá en flores brancas e violetas. Ela parecía máis ben unha correola fantástica e trémula ca un ergueito áster, unha zinnia amidonada ou unha das súas propias rosas acesas coma as lámpadas nos postes dereitiños das roseiras. A comparanza amosa o pouco que, despois de todos estes anos, sabiamos sobre ela; pois é imposible que calquera muller de carne e óso de cincuenta e cinco ou sesenta fose en realidade coma unha grilanda ou un gabián. Estas comparanzas son máis que superfluas e superficiais, son mesmo crueis, pois aparecen coma a propia correola trémula entre os nosos ollos e a verdade. Ten que existir a verdade, ten que haber un muro. Porén, é estraño que despois de a coñecer durante tantos anos non poidamos dicir cal era a verdade de Isabella; aínda faciamos comparanzas coma as da correola e a clemátide. En canto aos feitos, era un feito que era unha solteirona; que era rica, que comprara a casa e reunira coas súas propias mans —as máis das veces nos recunchos máis lúgubres do mundo e co gran risco das picadas velenosas e das doenzas orientais— as alfombras, as cadeiras e os escritorios que agora tiñan unha vida nocturna ante os nosos ollos. Ás veces parecía que sabían máis dela do que a nós, que sentamos alí, escribimos sobre eles e camiñamos por riba súa con tanto coidado, nos estaba permitido saber. En cada un dos escritorios había moitos caixonciños e, con certeza, cada un deles gardaba cartas, atadas con lazos de fita, salpicadas con pauciños de

lavanda ou follas de roseira. Tamén había outro feito —se os feitos son o que buscamos—, Isabella coñecera moita xente, tivera moitos amigos; e daquela quen tivese a ousadía de abrir un caixón e ler as cartas había atopar as pegadas de moitas discusións, notas de encontros, reproches por non se teren encontrado, longas cartas de intimidade e afecto, violentas cartas de celos e recriminacións, terribles palabras finais de despedida, pois de todas esas citas e encontros non quedara nada; é dicir, nunca casara; e aínda así, a xulgar pola máscara de indiferenza do seu rostro, tivera vinte veces máis paixóns e experiencias que aqueles que proclaman os seus amores para que todo o mundo saiba deles. Coa tensión que provocaba pensar en Isabella, o cuarto virou máis sombrío e simbólico, os recunchos parecían máis escuros, as patas das cadeiras e das mesas máis estiradas e xeroglíficas.

De súpeto estas reflexións acabaron de xeito abrupto e sen faceren ruído ningún. Unha silueta grande e negra irrompeu no espello; borrouno todo, espaxeou pola mesa un paquete de lastras de mármore con veas rosas e grises e marchou. No entanto, a imaxe mudou completamente. Por un momento ficou irrecoñecible e irracional, completamente desenfocada. Ninguén relacionaría esas lastras con algunha intención humana. Entón, aos poucos, un proceso lóxico comezou a traballar nelas, ordenounas, arrombounas e tróxoas á clasificación da experiencia. Ao final, eran simples cartas. O home trouxera o correo.

Velaí estaban, encol da mesa de mármore, ao primeiro todas enchoupadas de luz e color, rudas e aínda sen ler. Entón foi estraño ver como se envolvían, arrombaban e compoñían, como se integraron na imaxe e se lles concedida aquela quietude e inmortalidade que confería o espello. Velaí estaban, investidas dunha nova realidade, dun novo significado e dun peso aínda maior, coma se cumprise un cicel para desincrustalas da mesa. Fose ou non cousa da imaxinación, semellaba que se converteran en algo máis ca un simple atado de cartas informais, en táboas sagradas coa verdade eterna, e quen as lese sabería todo o que cumpría saber sobre Isabella, si, e tamén sobre a vida. As follas de dentro deses sobres que parecen de mármore deben ter un significado profundamente sucado e densamente esculpido. Isabella chegaría e collería as

cartas, unha por unha, moi devagar, abrirlas e lería con atención cada palabra, e despois, cun profundo suspiro de comprensión, coma se tivese chegado ao fondo de todo, racharía os sobres en cachiños pequenos, ataría as cartas e pecharía o caixón do escritorio coa determinación de agochar o que non quería que ninguén soubese.

O pensamento foi coma un reto. Isabella non quería que a coñecesen; con todo non escaparía moito máis tempo. Era absurdo, era monstroso. Se tanto agochaba e tanto sabía ela, cumpría abrila coa primeira ferramenta que houbera á man: a imaxinación. Cumpría fixar a mente nela nese mesmo momento. Cumpría atala alí. Cumpría non deixarse levar máis polos ditos e feitos coma o que propoñía o momento: ceas, visitas e conversas educadas. Había que meterse na súa pel. Tomando a frase nun sentido literal, era doado ver os zapatos que levaba postos, abaixo no fonal do xardín, nese mesmo momento.

Eran moi estreitos, alongados e na moda, estaban feitos coa pel máis flexible e suave. Como todo o que levaba, eran exquisitos. Ela estaría de pé baixo o alto valo no fonal do xardín, erguendo as tesoiras que levaba atadas no peito para cortar algunha flor murcha, algunha póla que tivese medrado de máis. O sol daríalle na cara, nos ollos; mais no momento crítico un veo de nubes cubriu o sol, dándolle á expresión dos seus ollos un aire dubitativo, era ridícula ou tenra, brillante ou aborrecida? Só se vía o vago perfil case esvaecido do seu lindo rostro contra o ceo. Estaba pensando, se callar, en que debería encargarse unha rede nova para os amorodos; era ben mandarlle flores á viúva de Johnson; era o momento de ir visitar os Hipplesleys na súa nova casa. De certo, esas eran as cousas das que falaba durante a cea. Porén, xa estabamos cansos das cousas das que falaba durante a cea. Era o profundo estado do seu ser o que queríamos atrapar e converter en palabras, ese estado que é á mente o que a respiración ao corpo, o que chamamos felicidade ou infelicidade. Ao mencionar estas palabras é obvio, abofé, que ela debía ser feliz. Era rica; era distinguida, tiña moitos amigos; viaxaba: comprou alfombras en Turquía e cerámica azul en Persia. Camiños de pracer irradiaban en todas as direccións

desde onde estaba ela, coas súas tesoiras levantadas para cortar as pólas que tremían mentres as nubes preguiceiras cubrían cun veo a súa face.

Cun movemento rápido de tesoiras rabenou un ramallete de clemátides, que caeu ao chan. Ao caer, talvez houbera algo máis de luz, seguramente iso fixo máis fácil penetrar un pouquiño máis no seu ser. A súa mente nese momento estaba chea de tenrura e dó... Cortar unha póla que medrara de máis poñíaa triste, porque a póla estivera viva unha vez e ela amaba a vida. Si, e asemade, a caída da póla facíaa pensar en que ela mesma tiña que morrer e mais na futilidade e no esvaecemento das cousas. E despois, recuperándose rapidamente dese pensamento, co seu bo siso instantáneo, pensou que a vida a tratará ben; mesmo se tiña que caer, había ser para xacer na terra e podreecer docemente entre as raíces das violetas. Deste xeito quedou matinando. Sen pensar en ningunha cousa concreta —xa que era desas persoas remisas cuxas mentes gardan os pensamentos enmarañados en nubes de silencio—, estaba ateigada de pensamentos. A súa mente era coma o cuarto, onde as luces avanza e retroceden, chegan facendo piruetas e camiñando paseniño, estendendo as súas colas, bicando o seu camiño; e entón todo o seu ser quedou cuberto, outra vez igual ca o cuarto, por unha nube de coñecemento profundo, un lamento que non se pode expresar, e despois encheuse de caixóns pechados, cheos de cartas, coma os seus escritorios. Falar de abrir a Isabella coma se fose unha ostra, non cunha ferramenta calquera, senón coa mellor, a máis delicada e a más flexible, con ela era impío e absurdo. Cómpre imaxinar: velaquí estaba ela perante o espello. Era un comezo.

Ao primeiro estaba tan lonxe que non se distinguía con nitidez. Chegou devagar e vacilante, endereitando unha rosa por aquí, levantando un caravel para ulilo por alí, pero nunca paraba; e cada vez facíase máis e máis grande no espello, máis e máis plenamente a persoa en cuxa mente tentamos penetrar. Examinámola pouco e pouco, encaixando dentro do seu corpo visible as calidades que tiñamos descuberto. Estaban o vestido verde cinceto e os zapatos alongados, o cesto e algo que lle tremelucía no pescozo. Foi aparecendo tan gradualmente que non parecía perturbar a disposición do espello, senón que achegaba un elemento novo que suavemente modificaba e

alteraba os outros obxectos, coma se lles pedise, amablemente, que lle fixesen un sitio. E as cartas, a mesa, o camiño de herba e os xirasoles que agardaban no espello separáronse e despregáronse para recibila entre eles. Ao final, velaí estaba ela, no vestíbulo. Parou, como morta. Quedou de pé xunta a mesa. Ficou completamente inmóbil. Por unha vez o espello comezou a verter sobre ela unha luz que parecía fixala; que semellaba un ácido que corroía todo o superfluo e o superficial para deixar só a verdade. Era un espectáculo cativador. Todo ía caendo—as nubes, o vestido, a cesta, o diamante—, todo o que chamamos rubideira e correola. Velaí estaba o sólido muro por baixo. Velaí a muller. Permaneceu en pé, espida, baixo aquela luz desapiadada. E non había nada. Isabella estaba completamente baleira. Non pensaba en nada. Non tiña amigos. Non se preocupaba por ningún. En canto ás cartas, eran todas facturas. Olla, mentres estaba alí de pé, vella e angulosa, chea de veas e sucos, co nariz longo e o pescozo engurrado, nin sequera se molestou en abrilas.

A xente non debería pendurar espellos nos seus cuartos.